

	<p>CONCELLO A LAMA DEPARTAMENTO DE URBANISMO</p>	<p>VA-001 SOLICITUDE DE POSTO DE VENTA AMBULANTE</p>	<p>Selo do rexistro</p>		
	<p>1.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</p>				
<p>Nome e apelidos/Razón social:.....</p>		<p>NIF/DNI/NIE:.....</p>			
<p>Nome e apelidos do representante:.....</p>		<p>NIF/DNI/NIE:.....</p>			
<p>Dirección de notificación:.....</p>		<p>Código Postal:.....</p>			
<p>Localidade:.....</p>		<p>Provincia:.....</p>		<p>Telefono:.....</p>	
<p>Correo electrónico:.....</p>					
<p>2.SOLICITUDE DA SEGUINTE POSTO DE VENDA AMBULANTE</p>					
<p>TIPO DE VENDA</p>	<p>DATA</p>	<p>LUGAR</p>	<p>HORARIO</p>		
<p><input type="checkbox"/> Mercado periódico <input type="checkbox"/> Mercado fixo <input type="checkbox"/> Posto desmontable <input type="checkbox"/> Mercado ocasional <input type="checkbox"/> Vehículo - Tenda</p>					
<p>PRODUTOS AUTORIZADOS</p>	<p><input type="checkbox"/> Alimentación <input type="checkbox"/> Droguería e cosmética</p>	<p><input type="checkbox"/> Téxtil e confección <input type="checkbox"/> Outros</p>	<p><input type="checkbox"/> Calzado e pel</p>		
<p>SUPERFICIE OCUPACIÓN</p>	<p><input type="checkbox"/> 4 ml <input type="checkbox"/> 6 ml</p>	<p><input type="checkbox"/> 8 ml <input type="checkbox"/> 10 ml</p>	<p><input type="checkbox"/> 12 ml <input type="checkbox"/></p>		
<p>PRAZO AUTORIZACIÓN</p>	<p><input type="checkbox"/> 1 ano <input type="checkbox"/> 2 anos</p>	<p><input type="checkbox"/> 3 anos <input type="checkbox"/> 4 anos</p>	<p><input type="checkbox"/> 5 anos <input type="checkbox"/></p>		
<p>Persoa que utilizará a autorización:.....</p>					

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que e certo canto subscribe:

- Estar de alta no IAE da actividade.
- Estar de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.
- Estar en posesión da correspondente póliza de responsabilidade civil e estar ao día no seu pagamento
- No caso de estranxeiros estar ao día do permiso de residencia e traballo
- Estar en posesión do certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos (se procede)

ADEMAIS

- Que cumpre os requisitos para exercer a actividade de venda ambulante ou non sedentaria.
- Que o prestador esta en posesión da documentación que así o acredite a partir do inicio da actividade. En especial, que estea en posesión dos documentos que acreditan o cumprimento dos requisitos previstos na Ordenanza Municipal.
- Que manterá o seu cumprimento durante o prazo de vixencia da autorización.
- Que non foi sancionado por comisión de falta moi grave no exercicio da súa actividade nos dous anos anteriores.
- Que achega toda a documentación preceptiva.

ASÍ MESMO DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Que cumprira os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio.
- Que terá exposto de forma **facilmente visible e lexible** para o público os seus datos persoais e o documento no que conste a correspondente **autorización municipal, así como unha dirección para a recepción das posibles reclamacións.**
- Que, ao tratarse dunha actividade continuada, se axustara as esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor, previa obtención das autorizacións que, no seu caso, resulten necesarias para tal finalidade.

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se tena constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

AUTORIZA, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración a comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

AUTORIZA, ao Concello de A Lama, conforme o estipulado no art. 8º da Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, ao traslado dos datos sinalados no presente documento á Consellería competente en materia de venda ambulante, consonte a cumprimentación do Rexistro Galego de Comercio, sección 4ª de vendedores ambulantes.

E COMUNICA que iniciara a actividade a partires do día(No caso de non indicar unha data de inicio, tomarase como tal a de presentación no Rexistro de entrada correspondente).

A Lama.....de.....de 20.....

Sinatura do solicitante

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

Datos identificativos do solicitante:

- Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
- Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

Xustificante do ingreso da Liquidación da taxa correspondente

Xustificante de estar inscrito/a como traballador/a autónomo na Seguridade Social

Xustificante de estar inscrito/a no imposto de actividades económicas e estar ao día no pagamento

Documentación relativa ao seguro de responsabilidade civil

- Póliza do seguro de responsabilidade civil obrigatorio.
- Recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso.

Certificado acreditativo de recibir formación en materia de manipulación de alimentos (se procede)

DNI (ou documento que faga as súas veces) da persoa que utilizará a autorización.

INFORMACIÓN BÁSICO SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable	CONCELLO DE A LAMA
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://concellodalama.sedelectronica.es/privacy
De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE A LAMA con CIF P3602500E e domicilio social sito en AVDA. DO CONCELLO 1, 36830 A Lama, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de A Lama. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO DE A LAMA, informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio de poderes públicos. Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado	

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se tena constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."